



CIRCULAR INFORMATIVA 10/2023

1. APROBACIÓN DO ORZAMENTO 2024 NA XUNTA XERAL DO 21.12.2023

A Xunta Xeral do ICA Santiago, na sesión do 21.12.2023, aprobou os orzamentos para o exercicio 2024.

Achégase unha copia do orzamento e da memoria (PDF), que tamén se poden consultar na web colexial: <https://www.icasantiago.org/portal-de-transparencia/orzamentos/>

2. XORNADA SOBRE DEREITO BANCARIO: “FALEMOS DE DEREITO BANCARIO”

O ICA Santiago organiza esta xornada centrada no dereito bancario e en particular nas reclamacións sobre nulidade das condicións xerais de contratación por cláusulas abusivas. Será impartida pola maxistrada da Sección 6ª da Audiencia Provincia da Coruña, Marta Canales Gantes.

Día: 18 de xaneiro de 2024

Hora: 18.30 h

Lugar: salón de actos do ICA Santiago

Relatora: Dª Marta Canales Gantes (maxistrada Sección 6ª da AP da Coruña)

Custo: gratuíto para colexiados/as do ICA Santiago; 50 € demais persoas interesadas

Inscripción: no seguinte [formulario](#), ata o 12 de xaneiro ás 14 h

Así mesmo, o ICA Santiago está a organizar unhas xornadas sobre intelixencia artificial e outras sobre o Real decreto lei 6/2023, do 19 de decembro, que modifica a LAC, a LACrim e outras leis. Informarémolos da súa programación nunha próxima circular.

2. XORNADA NO ICAB: “REFORMAS PROCESUAIS DO RDL 6/2023: XUÍZOS TELEMÁTICOS, PROCEDEMENTO TESTEMUÑA, EXPEDIENTE XUDICIAL ELECTRÓNICO E OUTRAS NOVIDADES DE INTERESE”

O Il·lustre Col·legi de l'Advocacia de Barcelona ofrece a xornada “Reformas procesuais do RDL 6/2023: xuízos telemáticos, procedemento testemuña, expediente xudicial electrónico e outras novidades de interese”, que se poderá seguir presencialmente ou a distancia de forma gratuíta.

Días: 11 e 12 de xaneiro de 2024

Horario: de 16.30 a 19.30 h (xoves 11) e de 9.30 a 14.30 h (venres 12)

Seguimento: presencial (salón de actos do ICAB) e telemático

Prezo: gratuíta

Programa e inscrición: [web do ICAB](#)